# XXXIII XOGOS GALAICO DURIENSES

GD

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2019

RUGBY 7 M.

FÚTBOL 7 F.

ATLETISMO

VOLEIBOL



## 25, 26 E 27 DE NOVEMBRO

## UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Universidade do Minho

U.PORTO UNIVERSIDADE DO PORTO

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

utad UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO

UniversidadeVigo

CENTRO DE ESTUDOS EURO REXIONAIS / ESTUDIOS EURO REGIONAIS / GALIZA . NORTE DE PORTUGAL

AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA NORTE DE PORTUGAL AGRUPAMENTO EUROPEU DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL

PROGRAMA IACOBUS

Interreg España - Portugal

CONCELLO DE SANTIAGO

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2021

DEPORTE GALEGO

TURGALICIA

CAIXA RURAL GALEGA

B DE BARREIRO FROITAS & VERDURAS

CABREIROÁ

FUNDACIÓN USC DEPORTIVA

DECATHLON Santiago de Compostela

# ÍNDICE

1. *INTRODUCIÓN* ........ 2

2. *INFORMACIÓN XERAL* ........ 3

3. *ORGANIZACIÓN* ........ 6

4. *ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN* ........ 10

5. *INFORMACIÓN TÉCNICA, REGULAMENTOS E CLASIFICACIÓN* ........ 12

*Normativa común para deportes colectivos* ........ 12

*Regulamento fútbol 7 feminino* ........ 12

*Regulamento rugby 7 masculino* ........ 16

*Regulamento voleibol mixto* ........ 19

*Regulamento de atletismo* ........ 23

*Clasificacións* ........ 27

6. *TROFEO Á DEPORTIVIDADE* ........ 27

7. *ANEXO (Seguros)* ........ 29

## 1. INTRODUCIÓN

Os Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses celebráronse por primeira vez na Universidade da Coruña en novembro de 1993 e, desde entón, xa se organizaron 32 edicións. Este acontecemento multideportivo, interrompido en 2010, acollía, durante 3 días, máis de 300 participantes universitarios por edición. O evento foi organizado ata ese momento de forma rotativa entre as seis universidades da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, as tres universidades galegas e as 3 do Norte de Portugal, alternando obrigatoriamente de país en cada edición.

En 2011, co apoio da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal (GNP-AECT) e das cidades de Tui e Valença, relánzanse os Xogos nun espazo simbólico de cooperación territorial entre as dúas rexións. En 2012 seguiuse a mesma orientación e os Xogos celebráronse na vila de Melgaço; en 2013 foron Tomiño e Vila Nova de Cerveira os anfitrións. As últimas edicións voltaron ás cidades universitarias.

Con 25 anos de experiencia, téñense mobilizado a uns 8.400 participantes, das 6 comunidades universitarias, e deuse lugar á "Declaración de Vila Nova de Cerveira/Tomiño. Deporte Universitario na Eurorrexión. Orientacións e principais desafíos en torno da Estratexia Europa 2020", asinada polas seis Universidade participantes.

Esta actividade regular expresa, de xeito inequívoco, os lazos de cooperación e de convivencia entre as Universidades de A Coruña, Minho, Porto, Santiago de Compostela, Trás-os-Montes e Alto Douro e Vigo.

Estes xogos concíbense coma unha ferramenta que permite o coñecemento mutuo, a convivencia e o traballo colaborativo entre as Universidades e organismos públicos integrantes da Eurorrexión. Ao tempo que son o aliciente para que os equipos universitarios adestren con intensidade e adicación ao longo do ano para tentar mellorar as posicións de edicións anteriores, co espírito de entrega e superación que caracteriza a esta competición, apóstase de cheo por competicións mixtas de diferentes deportes que resalten a paridade e a igualdade de xénero e que integren obxectivos de desenvolvemento sostible.

## 2. INFORMACIÓN XERAL

### Historia dos Xogos Galaico-Durienses

A principios dos anos 90, a Universidade do Porto e a Universidade de Vigo, a través dos Profesores José Pedro Sarmento e Patrício Sanches Bello, inician unha serie de contactos e de reunións co obxectivo de promover encontros deportivos regulares entre as Universidades do Norte de Portugal e de Galicia.

En 1991 comezan a realizarse algúns eventos deportivos de carácter competitivo e recreativo entre estas dúas universidades, aos que se irían integrando as Universidades de Minho, de Trás-os-Montes e Alto Douro, de Santiago de Compostela e da Coruña. En 1992, na Pousada de Valença, convócase a primeira reunión formal entre os responsables deportivos das seis universidades para formalizar a realización dun evento deportivo regular entre as seis institucións, que foi denominado como Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses, actualmente Xogos Galaico Durienses (XGD).

Estes Xogos foron creados cos seguintes obxectivos:

- Crear un evento regular e de mobilidade transfronteiriza entre as seis universidades do Norte de Portugal e de Galicia no ámbito do deporte.
- Aumentar a oferta deportiva de eventos internacionais para estas universidades.
- Mellorar o coñecemento sobre a organización deportiva das universidades implicadas e intercambiar boas prácticas e experiencias.
- Proporcionar unha experiencia internacional ao estudantando, persoal docente e de administración e servizos das Universidades no ámbito deportivo, social e de promoción do deporte e da amizade entre as persoas participantes.

Os Xogos Deportivos Universitarios Galaico-Durienses celebraron a súa primeira edición en novembro de 1993 e, dende entón, lévanse organizadas 32 edicións nas diferentes universidades que os acollen.

En 1993 e 1994 as edicións foron anuais, cunha duración de 2 días.

A partir de 1995 e ata 2001 os Xogos pasaron a ter dúas edicións anuais nos meses de marzo e de novembro.

No ano 2002, os responsables das universidades decidiron reducir as edicións a unha anual, aumentando o número de días de 2 a 3.

En 2010 os Xogos sufriron a primeira e única interrupción da súa historia e non se celebraron, como estaba inicialmente previsto, na UTAD, dado que as datas nas que se organizaban coincidiron cunha convocatoria de folga xeral en Portugal.

Entre 2011 e 2013, polo efecto da crise económica, as seis universidades decidiron iniciar un novo ciclo, relanzando estes Xogos fóra das súas sedes, nas cidades de Valença e Tui, Melgaço e Tomiño e Vila Nova de Cerveira, cun programa reducido a 2/3 modalidades deportivas e a 2 días, pero conservando a equidade entre xéneros e mantendo o carácter das últimas edicións, baseado na formación en valores das/dos nosas/os universitarias/os.

Desde o ano 2014 as universidades volveron organizar estes Xogos nas súas sedes e a incorporalos aos seus campus.

## Os Xogos Galaico Durienses e as súas particularidades

Este evento multideportivo, ademais de pola súa antigüidade, é exemplo de cooperación transfronteiriza e creador de lazos e relacións institucionais verdadeiramente exemplares, tendo dende o seu inicio algunhas particularidades e características innovadoras no ámbito da súa organización, a saber:

- Participan 6 universidades, 3 de Galicia e 3 do Norte de Portugal.
- Cada edición está aberta á participación do estudantado, do profesorado e do persoal de administración e servizos.
- O evento, ata 2009 e a partir de 2014, organízase de forma rotativa entre as tres universidades do Norte de Portugal e as tres universidades de Galicia, alternando obrigatoriamente de país cada ano.
- Todos os anos realÍzase unha xuntanza entre as seis institucións, onde a universidade que acolle o evento propón o programa deportivo coa aprobación das outras universidades.

- As modalidades organizadas nestes Xogos van dende os tradicionais deportes de equipo (baloncesto, balonmán, fútbol, rugby, voleibol...) e os deportes individuais (atletismo, BTT, escalada, judo e artes marciais, natación e deportes acuáticos, orientación, deportes de raqueta, xadrez...), á realización puntual de actividades relacionadas cos Xogos Populares, o Deporte Adaptado, os concursos de forza (Supino) ou demostracións de modalidades pouco practicadas (Bolos, Kayak Polo, Power Polo ou Court Soccer).
- A composición das delegacións e dos deportes de competición teñen en conta a equidade entre xéneros, cada delegación esta composta por homes e mulleres en igualdade de número de compoñentes. Dende 2007 as competicións deportivas son sempre disputadas por equipos mixtos.
- No pasado, cada delegación apenas se responsabilizaba polo pagamento do seu transporte e aloxamento, sendo a universidade anfitrioa a que se encargaba de toda a organización, incluída a responsabilidade do pagamento das reservas de instalacións, manutención, arbitraxes, promoción, etc. Dende o 2011, as universidades deciden compartir todos estes gastos xerados pola organización da competición, agás os seus propios desprazamentos.

Os XGD, dende o seu comezo, xa reuniron a preto de 8.400 participantes (en 25 anos) nunha actividade regular, para o estudantado, o profesorado ou o persoal de administración e servizos, que expresa de forma inequívoca os lazos de cooperación e de convivencia entre as Universidades da Coruña, Minho, Porto, Santiago de Compostela, Trás-os-Montes e Alto Douro e Vigo. Pero a cooperación entre as 6 universidades non remata nestes Xogos, así ao longo destes 25 anos realizáronse varios eventos en épocas e datas especiais para estas institucións, que abranguen variadísimas modalidades. Estes outros proxectos van desenvolvendo e fornecendo unha cooperación exemplar entre Galicia e o Norte de Portugal, como exemplos o I Trofeo Inter-rexional de Barcos Dragón e a I Regata de K4 (piragüismo) celebrados en Tui, nos anos 2010 e 2011, ou máis recentemente as Xornadas Técnicas ou as Carreiras Contra a Droga.

## 3. ORGANIZACIÓN

### Comité ganizador, estrutura e funcións

O Comité Organizador estará composto por 9 persoas, unha de cada universidade, unha en representación da Secretaría Xeral dos Xogos Galaico Durienses, un representante da Fundación CEER e un representante da Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia–Norte de Portugal.

Este Comité funcionará como supervisor dos Xogos e intervirá, desde o punto de vista deportivo, en casos de situacións anormais ou disciplinarias.

O Comité reunirase unha vez antes dos Xogos, para confirmar o regulamento e o horario, e despois deles, en caso de que se estime necesario. Este ano estará conformado por:

*Manuel Moya*
*Universidade da Coruña*

*João Ribeiro*
*Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro*

*Carlos Videira*
*Universidade do Minho*

*Javier Rial*
*Universidade de Vigo*

*Bruno Almeida*
*Universidade do Porto*

*María Rodríguez*
*CEER*

*Miguel Magán*
*Universidade de Santiago de Compostela*

*Borja Navarro*
*GNP-AECT*

*Alexandre Cadarso*
*Secretaría Xeral dos Xogos Galaico Durienses 2019*

**XXXIII Xogos Galaico Durienses**

Lugar: Santiago de Compostela.

Datas: 25, 26 e 27 de novembro.

Número de participantes por delegación e modalidades

| Modalidades | Deportistas | | Adestrador. | Total |
|---|---|---|---|---|
| | mulleres | homes | | |
| **Atletismo** | 4 | 4 | 1 | 9 |
| **Fútbol 7 feminino** | 10 | - | 1 | 11 |
| **Rugby 7 masculino** | - | 10 | 1 | 11 |
| **Voleibol mixto** | 8 | 8 | 1 | 17 |
| **Xefe Delegación** | | | | 1 |
| **Conductor** | | | | 1 |
| | | | **Total** | **50** |

Equipamento

- *Deportes colectivos:* os equipos estarán en posesión de dous equipamentos numerados (un claro e outro escuro). Caso de coincidir na cor, o 2º equipo cambiará o equipamento.
- *Atletismo:* os atletas deberán competir coa camiseta oficial da súa Universidade.

Avituallamento

Durante a competición haberá en cada instalación dúas cestas con froita variada.

Servizos médicos (ver Anexo pax. 29)

Cada universidade será responsable de que todas as persoas participantes que a representen nos XGD dispoñan de cobertura para os riscos derivados da práctica deportiva destes xogos.

As instalacións contarán con dúas ambulancias durante o horario de competición, sitas en:

- Campo Multiusos da USC (ver apdo. Fúltbol 7 e Rugby 7).
- Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel/Pavillón na final de voleibol o último día (ver apdo. Fútbol 7 e Voleibol).

Entrega de premios

*Lugar:* Aula 1 da Facultade de Dereito.
Coordenadas GPS: 42°52'29.7 N 8°33'13.7 W.
*Hora:* 13:30 h.
*Trofeos:* aos 3 primeiros equipos clasificados de cada modalidade, 1 trofeo a cada universidade presente pola clasificación xeral e o Trofeo á Deportividade.

Espazo Iacobus

- Xogos Tradicionais: actividade física inicial de carácter socializador que servirá de punto de encontro.
  - *Modalidades:* billarda, bolos celtas e chave.
  - *Data:* 25 de novembro.
  - *Horario:* de 17 a 19 horas.
  - *Lugar:* Campo Polideportivo da USC (ver apdo. Fútbol 7).
  - Os Arcos: xogo creativo e de equilibrio (cada peza é unha liña coa que se poden facer debuxos no aire, é dicir, tridimensionais. Trazar liñas no aire e marabillarnos polas formas que se producen, deixarnos someter ou tratar de forzar os límites do equilibrio).
    - *Horario:* de 18:30 a 20:00 h.
    - *Lugar:* Colexio S. Clemente (ver apdo. Reunión Técnica).
- Observación Astronómica no Campus.
  - Horario: de 18:30 a 20:00 h.
  - Lugar: xardíns do Observatorio Astronómico da USC. Coordenadas GPS: 42°52'34.2"N 8°33'20.2"W.

Secretaría Xeral

Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Deportes - Piscina Universitaria, 1º andar - Campus Sur
15782 Santiago de Compostela. Tlfs.: +34 881 815 077.
Coordenadas GPS: 42°52'41.3 N 8°33'18.6 W.
deporsec@usc.es
usc.gal/servizos/deportes

Comité de Competición

En caso de ser necesario constituirase, en cada modalidade, con 1 representante de cada unha das universidades participantes.

Inscricións e Acreditacións

- Todas as universidades deberán enviar, sen falta, as fichas de inscrición antes das 14 h. do luns, 18 de novembro, ao correo: deporsec@usc.es.
- Cada universidade deberá achegar un "fai constar" no que se acredite a cobertura sanitaria dos seus representantes, así como a súa pertenza á comunidade universitaria.
- As acreditacións para cada deporte faranse ao comezo da competición, en cada unha das instalacións.
- A folla de inscrición (enviada previamente por correo electrónico), estará en poder dos árbitros de cada unha das modalidades.

<u>Estacionamento autobuses</u>

Estará habilitada unha zona para aparcamento de autobuses entre o Complexo Deportivo do Estadio de Atletismo e a estrada de San Lourenzo (ver apdo. Atletismo). Coordenadas GPS: 42°52'40.2 N 8°33'23.2 W.

<u>Reunión técnica</u>

- *Deportes colectivos:* 25 de novembro, ás 20.00 horas, no Salón de Actos do Colexio Maior San Clemente.
- *Atletismo:* 25 de novembro, ás 20:45 no Salón de Actos do Colexio Maior San Clemente (fronte o Estadio de Atletismo).

Coordenadas GPS: 42°52'36.3 N 8°33'16.1 W.

<u>Programa Xeral</u>

*Luns, 25 de novembro*

17:00 h. a 20:30h.: Espazo Iacobus (actividades socializadoras e de coñecemento).
20:00 h.: reunión técnica de deportes colectivos.
20:45 h.: reunión técnica de atletismo.
20:00 h.: cea.(*)

*Martes, 26 de novembro*

07:00 h.: almorzo. (*)
09:30 h.: 1ª xornada dos XGD. (**)
13:30 h.: xantar. (*)
16:00 h.: 2ª xornada dos XGD. (**)
20:00 h.: cea. (*)

*Mércores, 27 de novembro*

07:00 h.: almorzo. (*)
09:30 h.: finais XGD. (**)
13:30 h.: clausura.
14:15 h.: xantar. (*)

(*) *Consultar Aloxamento* (**) *Consultar Calendarios e Horarios*

<u>Obxectivos de Desenvolvemento Sostible</u>

- *Reducir o uso de plásticos:* cada participante deberá traer o seuenvase (non plástico) para poder hidratarse durante a competición. Para reencher os envases utilizaranse as billas ou fontes das respectivas instalacións, agás no Pavillón Polideportivo da USC, onde haberá auga a disposición dos participantes.
- *Reducir o transporte contaminante nos desprazamentos internos:* optarase por medios máis saudables.

*Delegados de medioambiente:* Maribel Fraga, Gonzalo Brenlla e delegados de campo.

*Delegados de medioambiente:* Maribel Fraga, Gonzalo Brenlla e delegados de campo.

Lavandería

En caso necesario, para lavar e secar os equipamentos, tedes un auto-servizo na rúa Santiago de Chile 7, aberto de 08 a 23 h., prezos aprox.: 3€. secado e entre 4 e 6€. lavado (deterxente, suavizante e hixienízante incluídos). Está a 500m. do H. Peregrino (7' andando) e a 850 m. do H. S. Lorenzo (11'). Coordenadas GPS: 42°52'28.0"N 8°32'36.2"W.

## 4. ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

**1. Hotel Hesperia Peregrino**:

- Universidade de Porto.
- Universidade de Vigo.
- Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.

Avenida Rosalía de Castro, S/N,
15706, Santiago de Compostela
+34 981521850
Páxina web:
http://hesperiaperegrino.com-santiago.info/
E-mail:
hhperegrino@hesperia.com



**Coordenadas GPS:**
42º 52' 17.4" N
8º 33' 19.2" W

**Manutención**

- Almorzo: de 7:00 a 10:30 h.
- Xantar: de 13:30 a 16:00 h.
- Cea: de 20:00 a 22:30 h.

**Distancias:**

- Pavillón Multiusos da USC: 850 m. (11')
- Campo Multiusos da USC: 700 m. (7')
- Complexo Deportivo do Estadio de Atletismo da USC: 800 m. (10')
- Pavillón do Restollal: 1,7 km. (22')
- Campo de Fútbol de Sta. Isabel: 1,9 Km. (25')

**2. Hotel San Lorenzo**:

- Universidade da Coruña.
- Universidade de Minho.

Rúa San Lorenzo 2
15705, Santiago de Compostela
Páxina web:
https://hsanlorenzo.com/
E-mail: info@hsanlorenzo.com



**Coordenadas GPS:**
42º 52' 46.2" N
8º 33' 10.1" W

**Manutención**

- Almorzo: de 7:00 a 10:00 h.
- Xantar: de 13:30 a 15:30 h.
- Cea: de 20:00 a 22:30 h.

**Distancias:**

- Pavillón Multiusos da USC: 650 m. (8’)
- Campo Multiusos da USC: 850 m. (10’)
- Complexo Deportivo do Estadio de Atletismo da USC: 450 m. (6’)
- Pavillón do Restollal: 2,4 km. (31’)
- Campo de Fútbol de Sta. Isabel: 950 m. (12’)

# 5. INFORMACIÓN TÉCNICA, REGULAMENTOS E CLASIFICACIÓN

Todos os aspectos non reflectidos nos regulamentos serán resoltos polo Comité de Competición.

## Normativa común para deportes colectivos:

- As/os participantes deberán acreditarse no momento anterior á celebración do partido, mediante a presentación do DNI, pasaporte ou cârtao do cidadâo.
- En caso de modificación nas inscricións, a/o delegada/o deberá presentar as acreditacións e a folla coa relación de xogadoras/es 15 minutos antes da hora prevista para o comezo do primeiro partido.
- As/os delegadas/os dos equipos poderán solicitar revisión das fichas antes do comezo do partido ou no primeiro descanso do mesmo.
- As/os xogadoras/es que non estean presentes antes do remate do primeiro descanso xa non poderán participar no partido.
- Calquera negativa por parte dun equipo a someterse á revisión deberá ser reflectida na acta e será considerada como alineación indebida.
- O retraso superior a 10 minutos terá a consideración de incomparecencia.
- A incomparecencia dun equipo será penalizada coa descualificación dos Xogos.
- A sinatura das/os delegadas/os nas actas dos partidos é obrigatoria.

## Regulamento fútbol 7 feminino

Esta competición rexerase polo regulamento RFGF (Real Federación Galega de Fútbol), con algunhas particularidades recollidas neste regulamento.

Duración dos partidos: 50 minutos, divididos en 2 tempos de 20 minutos e un descanso de 5 minutos.

Superficie de xogo: campo de herba sintética, polo que é **obrigatorio** xogar con bota multitaco, con distintivos AG/MG, ou con zapatilla deportiva.

Balón: JOMA. Os equipos terán á súa disposición balóns para o quecemento.

## Sistema de Competición:

- Liga: 2 grupos de 3 equipos que xogarán a unha volta. O 1º e 2º clasificado de cada grupo fará unha semifinal e os 3º de cada grupo xogarán o 5º-6º posto.
- Cambios: serán libres, avisando previamente ao árbitro.
- Rolda de penaltis: cando remate o partido, independente do resultado acadado, as xogadoras que xogasen os últimos minutos do partido tirarán 5 penaltis (ou ata desfacer o empate) para evitar posibles empates na clasificación final.

## Sistema de Puntuación:

No caso de empate a puntos na clasificación seguirase a seguinte orde:

a. Mellor coeficiente entre goles a favor e en contra.
b. Equipo máis goleador.
c. Equipo que menos goles recibira en contra.
d. Resultado dos lanzamentos de penaltis.

## Regulamento de faltas e sancións:

A xogadora expulsada con cartón vermello antideportivo será sancionada alomenos con 1 partido de suspensión.

## Calendario e horario:

| GRUPO A | GRUPO B |
|---|---|
| 1 - UVI | 1 - UMINHO |
| 2 - UPORTO | 2 - USC |
| 3 - UTAD | 3 - UDC |

| GRUPO A | PARTIDOS | DATA | HORA | LUGAR |
|---|---|---|---|---|
| 1º Partido | UTAD - UPORTO | 26/11/2019 | 10:00 | Campo 1 Santa Isabel |
| 2º Partido | UPORTO - UVI | | 12:00 | |
| 3º Partido | UVI - UTAD | | 17:00 | |
| **GRUPO B** | **PARTIDOS** | **DATA** | **HORA** | **LUGAR** |
| 1º Partido | UDC - USC | 26/11/2019 | 10:00 | Campo 2 Santa Isabel |
| 2º Partido | USC - UMINHO | | 12:00 | |
| 3º Partido | UMINHO - UDC | | 17:00 | |

| SEMIFINAIS | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Semifinal A | 1º do A – 2º do B | 26/11/2019 | 18:30 | Campo 1 Santa Isabel |
| Semifinal B | 1º do B – 2º do A | | | Campo 2 Santa Isabel |
| **FASE FINAL** | | | | |
| 3º-4º Posto | Perdedores das Semif. A - Semif.B | 27/11/2019 | 10:00 | Campo 1 Santa Isabel |
| 5º-6º Posto | 3º Grupo A<br>3º Grupo B | | | Campo 2 Santa Isabel |
| FINAL | Gañadores das Semif. A - Semif.B | 27/11/2019 | 11.30 | Campo da USC |

## Instalacións:

**Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel**

Costa de Santa Isabel, s/n

15705 Santiago de Compostela

42°53'06.0"N 8°32'57.0"W





**Campo Polideportivo da USC**

Rúa de Lope de Marzoa, s/n

CAMPUS VIDA

15782 Santiago de Compostela

42°52'25.0"N 8°33'23.6"W

***Delegado de campo:*** Ángel Buján Zas.

# FOLLA DE INSCRICIÓN

## FÚTBOL 7 FEMININO

| | |
|---|---|
| UNIVERSIDADE | Universidade da Coruña |
| XEFE/A DE DELEGACIÓN | |

| | NOME E APELIDOS | DNI/cârtao do cidadâo |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | | |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | | |
| Adestrador/a | | |

**Nota:** presentar esta folla co selo da universidade, xunto coa documentación dos participantes. A sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

# Regulamento rugby 7 masculino

Esta competición rexerase pola Federación Internacional de Rugby (World Rugby Laws 2019, variación de Seven) con algunhas particularidades recollidas neste regulamento.

Duración dos partidos: 14 minutos, divididos en 2 tempos de 7 minutos con un descanso de 2 minutos.

Superficie de xogo: campo de herba sintética, polo que é **obrigatorio** xogar con bota multitaco, con distintivos AG/MG ou con zapatilla deportiva.

Balón: GILBERT. Os equipos terán á súa disposición balóns para o quecemento.

**Sistema de Competición:**

- Liga: a unha volta (5 xornadas de 3 partidos).
- Cambios: un equipo pode nomear ata 3 xogadores de substitución. Un xogador cambiado só poderá volver a entrar no terreo de xogo de xeito temporal, se o resto das substitucións se esgotaran e se o xogador a substituir estea a sangrar ou teña unha ferida aberta.

**Sistema de Puntuación:**

- 3 puntos por vitoria, 1 punto por empate, 0 puntos por derrota.
- Bonus ofensivo (4 ensaios ou máis) 1 punto máis, independentemente do resultado.
- No caso de empate a puntos na clasificación final seguirase a seguinte orde:
  e. Mellor coeficiente de anotación (puntos a favor–puntos en contra).
  f. Equipo máis anotador (maior número de puntos).
  g. Equipo que teña menos amonestacións de cartóns (1 cartón vermello = 1 cartón amarelo).
  h. Sorteo.

**Regulamento de faltas e sancións:**

No caso de amonestación por cartón amarelo, o xogador permanecerá fóra do terreo de xogo durante 2 minutos. No caso de expulsión por cartón vermello, o xogador queda expulsado do terreo de xogo para o que resta do partido. Se ese xogador é expulsado por razóns de antixogo, o Comité de Competición poñerá unha sanción segundo a gravidade da falta cometida.

## Calendario e horario:

| Partidos | | Data | Hora | LUGAR |
|---|---|---|---|---|
| 1º Partido | USC – UMINHO | 26/11/2019 | 10:00 | Campo da USC |
| 2º Partido | UDC – UPORTO | | 10:30 | |
| 3º Partido | UVI – UTAD | | 11:00 | |
| 4º Partido | USC – UDC | | 11:30 | |
| 5º Partido | UVI – UMINHO | | 12:00 | |
| 6º Partido | UTAD – UPORTO | | 12:30 | |
| 7º Partido | USC – UVI | | 16:00 | |
| 8º Partido | UTAD – UDC | | 16:30 | |
| 9º Partido | UPORTO – UMINHO | | 17:00 | |
| 10º Partido | USC – UTAD | | 17:30 | |
| 11º Partido | UPORTO – UVI | | 18:00 | |
| 12º Partido | UMINHO - UDC | | 18:.30 | |
| 13º Partido | USC – UPORTO | 27/11/2019 | 9:30 | Campo da USC |
| 14º Partido | UMINHO - UTAD | | 10:00 | |
| 15º Partido | UDC – UVI | | 10:30 | |

## Instalación:



**Campo Polideportivo da USC**

Rúa de Lope de Marzoa, s/n

CAMPUS VIDA

15782 Santiago de Compostela

42°52'25.0"N 8°33'23.6"W

***Delegado de campo:*** Diego López Cao.

# FOLLA DE INSCRICIÓN

## RUGBY 7 MASCULINO

| | |
|---|---|
| UNIVERSIDADE | Universidade da Coruña |
| XEFE/A DE DELEGACIÓN | |

| | NOME E APELIDOS | DNI/cârtao do cidadâo |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | | |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | | |
| Adestrador/a | | |

**Nota:** presentar esta folla co selo da universidade, xunto coa documentación dos participantes. A sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

## Regulamento voleibol mixto

Esta competición rexerase polo regulamento FGVB (Federación Galega de Voleibol), con algunhas particularidades recollidas neste regulamento.

Altura da rede: 2.24 metros para as mulleres e a 2.43 metros para os homes.

Superficie de xogo: parqué (Pavillón do Restollal) e caucho (Pavillón Polideportivo da USC).

Balón: MOLTEN 5000. Os equipos terán á súa disposición balóns para o quecemento (MOLTEN 4000).

**Sistema de Competición:**

- Liga: 2 grupos de 3 equipos que xogarán a unha volta. O 1º e 2º clasificado de cada grupo fará unha semifinal e os 3º de cada grupo xogarán o 5º-6º posto.
- Orde de xogo: o 1º set será xogado polo equipo feminino e o 2º set polo equipo masculino.
- No caso de disputarse un 3º set: comezan as mulleres ata os 8 puntos, continuando os homes ata os 15 puntos.
- Tempo morto: cada equipo pode solicitar 1 tempo morto de 25 segundos por período.

**Sistema de Puntuación:**

- Gañará o partido aquel equipo que consiga 2 sets.
- Os 2 primeiros sets, disputaranse a 25 puntos, cunha vantaxe de 2 puntos. No caso de que esa diferenza non se dea, gañará o equipo que chegue primeiro a 27 puntos.
- Desempate na clasificación final:
    a. Resultados dos xogos entre os equipos empatados.
    b. Maior diferenza entre sets gañados e perdidos.
    c. Maior nº de sets gañados.
    d. Menor nº de sets perdidos.
    e. Maior diferenza entre puntos a favor e en contra.
    f. Maior nº de puntos marcados.
    g. Menor nº de puntos encaixados.
    h. Sorteo.

**Réxime de faltas e sancións:**

Un xogador/a expulsado/a con técnica descualificante será penalizado/a con 1 partido de suspensión.

**Calendario e horario:**

| Grupo A | Grupo B |
|---|---|
| 1 - USC | 1 - UTAD |
| 2 - UVI | 2 - UMINHO |
| 3 - UPORTO | 3 - UDC |

| GRUPO A | PARTIDOS | DATA | HORA | LUGAR |
|---|---|---|---|---|
| 1º Partido | UPORTO - UVI | | 10:00 | |
| 2º Partido | U. VIGO - USC | 26/11/2019 | 12:00 | Restollal - Pista 1 |
| 3º Partido | USC - UPORTO | | 17:00 | |
| **GRUPO B** | **PARTIDOS** | **DATA** | **HORA** | **LUGAR** |
| 1º Partido | UDC - UMINHO | | 10:00 | |
| 2º Partido | U. MINHO - UTAD | 26/11/2019 | 12:00 | Restollal - Pista 2 |
| 3º Partido | UTAD - UDC | | 17:00 | |
| **SEMIFINAIS** | | | | |
| Semifinal A | 1º do A – 2º do B | 26/11/2019 | 18:30 | Restollal - Pista 1 |
| Semifinal B | 1º do B – 2º do A | | | Restollal - Pista 2 |
| **FASE FINAL** | | | | |
| 3º-4º Posto | Perdedores das Semif. A - Semif.B | 27/11/2019 | 9:30 | Restollal - Pista 1 |
| 5º-6º Posto | 3º Grupo A-3º Grupo B | | | Restollal - Pista 2 |
| FINAL | Gañadores das Semif. A – Semif. B | 27/11/2019 | 10:30 | Restollal |

**Instalación:**

**Pavillón do Restollal**

Rúa de Emilio e Manuel, s/n

15702 Santiago de Compostela
42°51'48.6"N 8°32'43.3"W



***Delegado de campo:*** Xesús Castro López.

XXXIII XOGOS GALAICO DURIENSES

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2019

## FOLLA DE INSCRICIÓN

## VOLEIBOL MIXTO

| UNIVERSIDADE | Universidade da Coruña |
|---|---|
| XEFE/A DE DELEGACIÓN | |

| | | NOME E APELIDOS | DNI/cârtao do cidadâo |
|---|---|---|---|
| MULLERES | 1 | | |
| | 2 | | |
| | 3 | | |
| | 4 | | |
| | 5 | | |
| | 6 | | |
| | 7 | | |
| | 8 | | |
| HOMES | 1 | | |
| | 2 | | |
| | 3 | | |
| | 4 | | |
| | 5 | | |
| | 6 | | |
| | 7 | | |
| | 8 | | |
| Adestrador/a | | | |

**Nota:** presentar esta folla co selo da universidade, xunto coa documentación dos participantes. A sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

## Regulamento de atletismo

Esta competición rexerase polo regulamento da FGA (Federación Galega de Atletismo), da RFEA (Real Federación Española de Atletismo) ou da IAAF (Federación Internacional de Atletismo), con algunhas particularidades recollidas neste regulamento.

Control técnico: *Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo*.

Cronometraxe: manual.

Atletas por universidade: máximo de 8 atletas, 4 mulleres e 4 homes.

Confirmación: o día da competición na secretaría de competición, onde se lle poderá solicitar a súa identificación (DNI, pasaporte ou cârtao do cidadâo).

Dorsais: deberanse empregar os facilitados pola organización e poderanse recoller, polo adestrador/delegado, ata 30' antes da primeira proba e ao mesmo tempo comunicaranse as incidencias de última hora.

**Sistema de competición:**

- Cada universidade presentará 2 homes e 2 mulleres por proba.
- Cada atleta poderá facer un máximo de 3 probas e unha remuda.
- Nas semifinais clasificaranse as/os 4 primeiras/os atletas de cada serie.
- En cada serie participará 1 atleta de cada universidade.
- Nos concursos realizaranse 3 intentos.

**Sistema de Puntuación:**

- Cada atleta puntuará, en cada unha das probas nas que participe, de acordo coa seguinte secuencia: 1º posto ...12 puntos, 2º posto ...11 puntos, etc.
- Se algún/ha atleta ou universidade non se clasifica ou non se presenta nunha proba outorgaráselle un total de 0 puntos.
- A puntuación final de cada universidade establecerase pola suma dos puntos de cada un dos seus atletas nas probas nas que participen.
- Vencerá a universidade que máis puntos acade.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Universidade do Minho
U.PORTO UNIVERSIDADE DO PORTO
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
utad UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO
UniversidadeVigo
CENTRO DE ESTUDOS EUROREXIONAIS GALIZA . NORTE DE PORTUGAL
GALICIA NORTE DE PORTUGAL
PROGRAMA IACOBUS
Interreg España - Portugal
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2021
DEPORTE GALEGO
TURGALICIA
DECATHLON Santiago de Compostela
CAIXA RURAL GALEGA
B DE BARREIRO FROITAS & VERDURAS
CABREIROÁ
FUNDACIÓN USC DEPORTIVA

**Calendario e horario:**

| FEMININO | HORA | MASCULINO | HORA |
|---|---|---|---|
| MARTES 26 DE NOVEMBRO | | | |
| XORNADA DE MAÑÁ | | | |
| 100 ML (SEMIFINAIS) | 11:00 | 100 ML (SEMIFINAIS) | 11:15 |
| 400 ML (SEMIFINAIS) | 11:30 | 400 ML (SEMIFINAIS) | 11:45 |
| 200 ML (SEMIFINAIS) | 12:00 | 200 ML (SEMIFINAIS) | 12:15 |
| PESO (FINAL) | 12:30 | PESO (FINAL) | 13:00 |
| XORNADA DE TARDE | | | |
| 100 ML (FINAL ) | 17:00 | 100 ML (FINAL) | 17:10 |
| 400 ML (FINAL) | 17:20 | 400 ML (FINAL) | 17:30 |
| 200 ML (FINAL) | 17:40 | 200 ML (FINAL) | 17:50 |
| MÉRCORES 27 DE NOVEMBRO | | | |
| XORNADA DE MAÑÁ | | | |
| 800 ML (FINAL) | 11:00 | 800 ML (FINAL) | 11:10 |
| LONXITUDE (FINAL) | 11:15 | LONXITUDE (FINAL) | 11:45 |
| 4x100 (MIXTO) | 12:30 | 4x100 (MIXTO) | 12:30 |
| 4x400 (MIXTO) | 12:45 | 4x400 (MIXTO) | 12:45 |

**Instalación:**



**Complexo Deportivo do Estadio de Atletismo da USC (*)**

Rúa de Novoa Santos, s/n

15782 Santiago de Compostela

42°52'35.7"N 8°33'26.5"W

**(*)** Pista non homologada

***Encargada da instalación:*** Maribel Fraga.

# FOLLA DE INSCRICIÓN
## ATLETISMO
## mulleres

| | |
|---|---|
| UNIVERSIDADE | Universidade da Coruña |
| XEFE / A DELEGACIÓN | |

| | | | proba | marca (*) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | Nome e apelidos | | Peso | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | | Peso | |
| | Ano de nacemento | | Peso | |
| | Nº de licenza | | Peso | |
| 2 | Nome e apelidos | | Peso | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | | Peso | |
| | Ano de nacemento | | Peso | |
| | Nº de licenza | | Peso | |
| 3 | Nome e apelidos | | Peso | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | | Peso | |
| | Ano de nacemento | | Peso | |
| | Nº de licenza | | Peso | |
| 4 | Nome e apelidos | | Peso | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | | Peso | |
| | Ano de nacemento | | Peso | |
| | Nº de licenza | | Peso | |

(*) Marca da tempada pasada. En caso de non tela consignaranse como sen marca (s/m).

**Nota:** presentar esta folla co selo da universidade, xunto coa documentación dos participantes. A sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

XXXIII XOGOS GALAICO DURIENSES

SANTIAGO DE COMPOSTELA 2019

# FOLLA DE INSCRICIÓN
## ATLETISMO
## homes

| | | | |
|---|---|---|---|
| UNIVERSIDADE | Universidade da Coruña | | |
| XEFE / A DELEGACIÓN | | | |
| | | proba | marca (*) |
| 1 | Nome e apelidos | 100 m | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | 100 m | |
| | Ano de nacemento | 100 m | |
| | Nº de licenza | 100 m | |
| 2 | Nome e apelidos | 100 m | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | 100 m | |
| | Ano de nacemento | 100 m | |
| | Nº de licenza | 100 m | |
| 3 | Nome e apelidos | 100 m | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | 100 m | |
| | Ano de nacemento | 100 m | |
| | Nº de licenza | 100 m | |
| 4 | Nome e apelidos | 100 m | |
| | DNI/cârtao do cidadâo | 100 m | |
| | Ano de nacemento | 100 m | |
| | Nº de licenza | 100 m | |
| Adestrador / a | | | |

(*) Marca da tempada pasada. En caso de non tela consignaranse como sen marca (s/m).

**Nota:** presentar esta folla co selo da universidade, xunto coa documentación dos participantes. A sinatura dese documento leva a autorización ao organizador do evento e aos seus patrocinadores para a gravación total ou parcial da participación do asinante por medio de fotografías, películas, televisión ou calquera outro medio, así como para darlles o uso publicitario, que consideren oportuno, sen dereito por parte do mesmo a recibir compensación económica por esta razón.

## Clasificación e puntuación final por cada deporte:

- ✓ 1º clasificado: 6 puntos
- ✓ 2º clasificado: 5 puntos
- ✓ 3º clasificado: 4 puntos
- ✓ 4º clasificado: 3 puntos
- ✓ 5º clasificado: 2 puntos
- ✓ 6º clasificado: 1 punto

# 6. TROFEO Á DEPORTIVIDADE

## Clasificación xeral:

Establecerase en función da suma dos puntos obtidos nas distintas clasificacións finais, segundo se recolle máis arriba.

Este Trofeo premia a unha das universidades participantes polo seu destacado comportamento durante os Xogos, e ten unha especial significación.

**Concepto de deportividade:** proceder deportivo axustado ás normas de corrección.

**Clasificación:** pola menor suma, conforme aos seguintes puntos ()

1. Fútbol/Rugby 7: cartón amarelo (1), vermello (2), retraso (3), vermello antideportivo (4), incomparecencia (5). A tarxeta vermella por acumulación, non engade puntos.
2. Voleibol: retraso (3), descualificación (4), incomparecencia (5), ademais entregaranse unhas tarxetas aos árbitros cos nomes das 6 universidades e eles encargaranse de puntuar este apartado, de maior (0) a menor (2) deportividade.
3. Atletismo: incomparecencia (1 por atleta e proba), ademais entregaranse unhas tarxetas aos árbitros cos nomes das 6 universidades e eles encargaranse de puntuar este apartado, de maior (0) a menor (2) deportividade.
4. As sancións ao corpo técnico terán dobre puntuación.
5. En calquera outro caso que se determine:
   - Falta de puntualidade -actos, etc.- (3).
   - Falta de asistencia – actos, etc.- (5).

- Vandalismo, agresións físicas ou verbais, ameazas e outros comportamentos inadecuados tanto na competición como fóra da competición -comedores, hoteis, etc.- (6) por cada persoa implicada ou (18) por universidade se non se puideron identificar ás persoas causantes.

**Entrega:** a clasificación neste apartado dos XGD determinará a universidade gañadora do Trofeo que será entregado, nos actos de clausura e co maior número de participantes presentes, pola autoridade que designe a universidade organizadora.

**Custodia:** a universidade clasificada cada ano en primeiro lugar neste Trofeo será a encargada de custodialo, nun lugar destacado, ata o ano seguinte.

**Propiedade:** o Trofeo será entregado en propiedade á universidade que consiga gañalo durante 3 anos consecutivos ou en 6 non consecutivos.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Universidade do Minho
U.PORTO UNIVERSIDADE DO PORTO
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
utad UNIVERSIDADE DE TRÁS-OS-MONTES E ALTO DOURO
UniversidadeVigo

# 7. ANEXO (Seguros)

## Ficha do Seguro de Asistencia Sanitaria

Cubrir os datos da póliza

| | |
|---|---|
| **Universidade** | Universidade da Coruña |
| **Compañía de Seguros** | |
| **Nº de póliza** | |
| **Centro de referencia** | |
| **Teléfono de urxencias** | |
| **Persoa de contacto universidade** | |
| **Tel. contacto universidade** | |

CENTRO DE ESTUDOS EURO REXIONAIS GALIZA . NORTE DE PORTUGAL
AGRUPACIÓN EUROPEA DE COOPERACIÓN TERRITORIAL GALICIA NORTE DE PORTUGAL AGRUPAMENTO EUROPEU DE COOPERAÇÃO TERRITORIAL
PROGRAMA IACOBUS
Interreg España - Portugal
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2021
DEPORTE GALEGO
TURGALICIA
CAIXA RURAL GALEGA
B DE BARREIRO FROITAS & VERDURAS
CABREIROÁ
FUNDACIÓN USC DEPORTIVA
DECATHLON Santiago de Compostela